

CONCURSO LITERARIO "MÁIS CA PALABRAS 2017"

Modalidade: CONTACONTOS

Como arrancar?



Pensa nunha historia que vas narrar: unha viaxe, unha experiencia interesante, unha anécdota divertida.

Elabora un guión cos pasos nos que se desenvolve a túa historia.

Ensaia varias veces, prestándolle atención á dicción, á entoación e tamén aos xestos, e adaptándote á orde indicada no guión. Podes ensaiar diante dun espello ou gravarte previamente para ver os erros que vas cometendo.

Comeza a túa historia cunha fórmula introdutoria do tipo: "Vouvos contar unha historia que...; Había unha vez...; Era aló polo mes de..."

BASES

- * O formato será en vídeo e deberá aparecer a persoa participante contando unha historia de creación propia.
- * A temática é libre.
- * Deberán ser relatos breves (non máis de 3 minutos de duración)
- * Poderá participar todo o alumnado do centro.
- * Prazo de entrega: 31 de marzo.
- * Haberá un 1º, 2º e 3º premio para o primeiro ciclo da ESO e un 1º, 2º e 3º para o segundo ciclo.
- * Entregaredes as vosas creacións ás profesoras de Lingua Galega; pois estas teranse en conta nesta materia, podendo conseguir ata un punto que se sumará á nota final da 2ª avaliación.
- * Os autores/as premiados tamén recibirán un agasallo e participarán nunha viaxe a un centro multiaventura no mes de xuño.